



## **4ª Xornada da liga galega de clubs. 30.01.2010**

*Esta fin de semana se conseguiu darlle a volta a tortilla, si na anterior xornada os resultados foron nefastos, nesta sucedeu todo o contrario, posto que se pode falar dun case pleno, xa que foron 5 vitorias e 1 empate nos equipos do club.*

*Imos por partes, no primeiro lugar a axustada vitoria do equipo de 1ª división o EXP "A" ante o Breogán "A" do Grove por un axustado 2,5 a 1,5. Na primeira mesa Ramón Escudeiro xogou contra o MI Gil Reguera e o fixo coma el lle gusta, cunha partida tola, estando perdido conseguiu por na corda frouxa a o rival e se levou o gato a auga. Miguel Gallego nunha partida moi bonita de ataque, non puído concretar ben no análise por falta de tempo e se conformou con as táboas. Alba Piay xogou unha boa partida, demostrando que pouco a pouco vai collendo a forma despois de estar moito tempo sen xogar, pero unha imprecisión lle custou a derrota. E por último David Fernández, no cuarto taboleiro, nunha posición moi igualada conseguiu levarse a partida nun gran final.*

*Por outro lado na 2ª división o EXP Miguel Najdorf desprazouse a Monteporreiro para xogar contra Peóns Dobrados, a os que derrotaron cun claro 0,5 a 3,5. As vitorias de Prol Lusquiños, Miguel Palacios e Santos González hai que engadir as táboas de Javier Barral, facendo que o equipo se manteña na zona alta da clasificación. O outro equipo desta categoría o EXP Zona Informática, logrou unha gran vitoria ante un dos galos do grupo, o Círculo Xadrez Chantada capitaneado polo GM Alejandro Hofman, e sendo serio candidato o ascenso. O triunfo foi por 3 a 1 coas vitorias de María Alonso, Rodrigo González e Miguel Rodríguez.*

*Na 3ª división o EXP Limpiezas San Vicente visitou en Vilagarcía o CXF Limpiezas All Clearing arruñando un empate a 2, e se comeza a ver certa melloría en algúns aspectos do tempo dos xogadores do club, aunque segue sendo o seu gran problema. Os catro xogadores seguen tendo boas aperturas con ganancia de peza relativamente rápido, pero logo non conseguen manter esa superioridade. As vitorias foron para Pablo Ferreiro e Marta Colón, mentres que as derrotas foron de, Álvaro Maquieira e Daniel Reboreda. Este resultado lles permite manterse na zona media da táboa.*

*En 4ª os dous equipos lograron unas vitorias moi folgadas sobre os seus rivais. Por un lado o EXP Meis derrotou o CXF Distribuciones Lete por un clarísimo 7,5 a 0,5, e por outro lado o EXP "D" venceu o CXF Autobuses Pereira por 6 a 2, demostrando que os dous xovencísimos equipos do club, van asentando coñecementos e trasladándoos a práctica. E digno de admirar o entusiasmo que mostran estas xoves promesas do xadrez pontevedrés e a ilusión con a que afrontan os encontros.*